

## MARUXA DO RUEIRO 3 / 4

### A CHEGADA DO COCHE DE LIÑA E A CONFUSIÓN CA COMPAÑA



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

<b>NOME DO DOCUMENTO:</b>	MPG_GaRo_0008_004_en_0_35_46_D
<b>AUDIO DE REFERENCIA:</b>	MPG_GaRo_0008_004_en_0_35_46.mp3
<b>TIPO DE DOCUMENTO:</b>	Entrevista. Relato
<b>MATERIAL DISPONÍBLE:</b>	Audio mp3 e ficha de contexto e transcripción
<b>DURACIÓN:</b>	0:05:00

#### DATOS DA RECOLLIDA

- **DATA DA RECOLLIDA:** 27 de xullo de 1998
- **LOCALIZACIÓN:**
  - Lugar/aldea/ barrio:** Bretal
  - Parroquia:** Olveira (Santa María)
  - Concello:** Ribeira
  - Provincia:** A Coruña
- **INFORMANTE**
  - Nome:** Maruxa do Rueiro
  - Data de nacemento:** 1945 (53 anos)
- **RECOLLEDOR/A:** Rosa García-Orellán
- **COMPILADORA:** Rosa García-Orellán
- **COLECCIÓN:** Rosa García-Orellán

#### NOTA DOS EDITORES

A presente entrevista forma parte das efectuadas pola antropóloga Dra. Rosa García Orellán como parte do traballo de campo da súa tese de doutoramento. As entrevistas foron estudadas e empregadas na elaboración de dito traballo pero este material pode ser analizado en moitos outros contextos. A Dra. García Orellán cedeu as súas gravacións orixinais en casete e as transcripcións que ela mesma fixera do seu contido ao APOI para que poidan ser compartidas con outras persoas interesadas.

#### CONTEXTO

Nota da recolla achegada pola compiladora: Maruxa é unha muller que vivía cerca da casa de Pérez, era costureira cando estaba solteira, e eu recordo de pequena de andar pola súa casa. O seu pai andou a navegar, e o seu marido tamén. Gañou ben de cartos nas perforadoras e ela aforrounos. Fixeron a casa onde están vivindo agora, que é de tres plantas e con moita capacidade; e tamén teñen o bar, frecuentado por moita xuventude. O seu marido está traballando no bar e ten dúas fillas: unha estudando maxisterio e a outra medicina. Son rapazas moi traballadoras e parece ser que sacan boas notas, algo anecdótico aquí na aldea, pois a maioría da xuventude que está fóra estudando anda con expediente, polo que di a xente, moi baixos.



## TEMÁTICA DA ENTREVISTA

Esta é a parte 3/4 da entrevista a María do Rueiro. O groso da conversa xira arredor da morte e as visións de mortos. Incidentalmente aparecen outros temas, como a recollida de argazo, unha actividade agro-marítima; ou as melloras nas comunicacións e na difusión de xornais nos anos sesenta, e seguintes, do século XX.

- Parte 1 (MPG\_GaRo\_0008\_002\_en\_0\_12\_57.mp3; id 3679)  
Os rezos polos defuntos. O cristianismo e a crenza do pobo.
- Parte 2 (MPG\_GaRo\_0008\_003\_en\_0\_23\_52.mp3; id 3680)  
A premonición da morte a través dos soños
- **Parte 3 (MPG\_GaRo\_0008\_004\_en\_0\_35\_46.mp3; id 3681)**  
**A chegada do coche de liña e a confusión ca compañía.**
- Parte 4 (MPG\_GaRo\_0008\_005\_en\_0\_44\_18.mp3; id 3682)  
Rituais arredor da morte. Do viático á volta do cemiterio.

## NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi realizada pola compiladora e revisada polo persoal do APOI. Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

## BIBLIOGRAFÍA

GARCÍA ORELLÁN, Rosa (2001): *Hacia el encuentro de mi antropos: la muerte dinamo estructural de la vida*. Bilbao. Ed. Universidad del País Vasco

## PALABRAS CHAVE

difuntos defuntos misas adevisas visión premonición morte argazo viático Santa Compañía cemiterio cemeterio funerais loito luto

## TRANSCRICIÓN

Ven de MPG\_GaRo\_0008\_003\_en\_0\_12\_57.mp3; id 3680

### A CHEGADA DO COCHE DE LINEA E A CONFUSIÓN CA COMPAÑA



**Maruxa:** *Bueno* pois... aquí, non che sei *desir* os anos... pero haberá *cuarenta* anos, así máis ou menos, teño eu *ahora* cincuenta e tres...

**Rosa:** Nos anos sesenta, entón.

**M.:** É que *eso*... Había as dúas liñas, os dous coches de *línea*. O das sete da mañá, que viña de Corrubedo a Ribeira... [autocorríxese] a Santiago! E despois había o das des da noite que viña de Santiago a Corrubedo. Fasían *solamente* esa liña. E empesou... faría eu des anos, nos anos sesenta, sicuenta e moitos, sesenta. Entón resulta que claro, antes... apareceu ese coche aí, que ninguén sabía... Pero saíu unha vesíña xa [?] total, e aparecen os medios de comunicación, e xa cando aparese a cousa *bueno*. Porque colles un periódico, *bueno*, todo o mundo le o periódico, todo o mundo vemos os *telediarios*, e as notisias *locales*, ou *bueno*... Pero daquela non, daquela estaríamos nas aldeas, pois... como non foras a Ribeira a comprar un... *no, no*...

**R.:** Eu recordo que na casa da Agra traían o periódico todos os días.

**M.:** Desde cando? Ten que haber moitos anos.

**R.:** Traían o periódico a casa, concretamente o *Correo*. Traíano todos os días, eh. Eu recórdoo, eu recordo nesa casa sempre periódico... Si, Maruxa, si, de pequena, eh. Recordo o periódico nesa casa.

**M.:** Pero en que anos? Porque cando foi dese... Esa anécdota que eu che quero contar, esa, non había...

**R.:** Eu recordo o periódico sempre, eh...

**M.:** Porque andaba o sego (cego) de Frións... non sei si oíches falar do sego de Frións, que era quen vendía os periódicos.

**R.:** Si, si.

**M.:** Pero andábache por Ribeira, eh. E traíamos o periódico cando íamos a Ribeira a compralo. *A propósito* non *ibas*, entendes? *Entonces*, cheghabas a Riberia, comprabas. Que tampouco... non o había nos quioscos como *ahora*. *Ahora* ninguén reparte periódicos pola *calle*. *Ahora* tes periódicos nos quioscos, aínda que *ahora* [?] e *solo* hai o periódico de...

**R.:** Meu avó morreu en 1963. Traían o periódico a casa, no 1963. Si, Maruxa, si. Eu recordo...

**M.:** Pero estás segura que era no sesenta e tres?

**R.:** Si, teño o recordatorio na casa, voullo preguntar á miña nai.

**M.:** Mira, o único que o compraran en Ribeira, na casa imposible. Porque non había... O primeiro que... Cando empesaron a repartir os periódicos, así polas aldeas, pois non che sei *desir* pero non hai moitos anos... *bueno*, moitos anos claro, pero non... naqueles tempos, había periódico pero o do sego de Frións que repartían, nos quioscos tampouco deixaban. Andaban repartíndoos pola calle.

**R.:** Xa o preguntarei na casa.

**M.:** Pois pregunta, que eu penso que estás *engbañada* nas fechas, eh. *Bueno*, ao que íbamos, retomando o caso... *Pos* aquí *iba* unha *pandilla* de xente pro arghaso (argazo), ás *patatas*. Mulleres e homes *iban* pois... nas secas, cando o mar baixaba collían o arghaso, entón *dispois* sabían o horario do...

**R.:** Si, da baixada do mar.

**M.:** Da baixada do mar, e *iban*. Eu recordo que cando foi dese asunto... pois serían ás sete da mañá no inverno... por aí, por *esos* campos de aí, que é o parque natural.<sup>1</sup> Pra ir buscar, levaban *unbos* utensilios, quitaban o arghaso, poñíano a secar, *ibano* buscar... nos carros, que non había tractores. Nos carros de vacas, e *ibano* buscar. *Entonces*, alí había unha telleira.

**R.:** Si, a telleira da tía María da Cortiza.

**M.:** A telleira, *bueno*. *Entonces* viron vir un montón de luses pola *carretera*. *Entonces* unha velliña... *bueno* non era velliña porque *sinón* non podía ir ao arghaso, pero *vamos*, era unha señora xa moi maior. E dille ela “tirádevos, meus fillos, tirádevos ao chan que vén aí... ven aí a *grasia* de *Dios* por Oliveira abaixo!”. A *grasia* de *Dios*, todos tirados no chan...

**R.:** Era o autobús! [ríndose]

**M.:** Viron pasar a *grasia* de *Dios*, e a *grasia* de *Dios* era o autobús... que viña pola *carretera* abaixo. Eu penso que desas cousas había de haber un montón delas, había de haber *cantidad* delas.

**R.:** Os mesmos fachuzos de noite.

**M.:** Como as lusiñas...

**R.:** Ao lonxe poderían parecer perfectamente as...

<sup>1</sup> Nota da autora da recolla: nesta parte, está falando do Carregal. Segundo Ramona dos Cotos, no século XIX déronlle unha parte do Carregal a todos os veciños da aldea. E segundo a madriña Manuela, algunhas casas fortes tiñan máis, como ocorre ca casa de Pérez.



**M.:** Amais *iban* caendo. Esas lusiñas que vían. “Ai, vin un montón de luses polo corredoiro!”. Lusiñas eran as cousas que *iban* caendo dos fachusos. Si é que hai cousas que non podes... *Ahora* dáste conta, daquela non. Era xa así o sistema. Como lle facías ver a unha *persona* o que era? Pero hoxe dáste conta que a *mitá* das cousas non era tal Compañía.

*Segue en MPG\_GaRo\_0008\_005\_en\_0\_12\_57.mp3; id 3682*